

**MELLORA DA ACCESIBILIDADE E CONECTIVIDADE DAS
PARADAS DE AUTOBÚS SITUADAS NA RAEG NAS RUTAS DE
ACCESO POLO SUROESTE Á CIDADE DE SANTIAGO.**

CLAVE: AC/22/051.06

1. Obxecto da Actuación

O obxecto do proxecto é definir, xustificar e valorar as actuacións que a Xunta de Galicia levará a cabo para a mellora da accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede Autonómica de Estradas (RAEG), na zona suroeste de Santiago de Compostela. As paradas sitúanse sobre as estradas AC-305 (concellos de Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo e Dodro), AC-550 (Carnota, Muros, Noia, Outes, Porto do Son e Ribeira) e AC-543 (Noia), todos na provincia de A Coruña.

2. Plan de Estradas

Pertencen a *rede local convencional* as estradas AC-550, AC-543, AC-305.

Pertencen a *rede estruturante convencional* AC-550 e AC-305,

3. Descrición da Actuación

As actuacións consisten basicamente na mellora dos apartadoiros para os autobuses e as súas cuñas de entrada e saída así como o acondicionamento dos itinerarios peonís na contorna de 62 paradas, tratando de dar cumprimento á normativa vixente de accesibilidade e utilización do transporte público. Nas zonas donde non existan beirarúas executaranse itinerarios con largura mínima accesible e dispoñendo pavimentos diferenciados (podotáctil). Tamén se proxectou a colocación de refuxios, coa tipoloxía definida pola Dirección Xeral de Mobilidade, e se deseñou a mellora da sinalización horizontal e vertical.

Como obras complementarias adecuarase a drenaxe ao trazado actual, instalárase unha canalización para servizos a todo o longo da actuación, executarase muros de colleira, dispoñeranse varandas metálicas.

4. Características técnicas

Refuxios: con carácter xeral colocaranse refuxios de tipo urbano, agás casos puntuais de marquesiñas de tipo rural.

Dimensións: Lonxitude da cuña de entrada e de saída 30 m, carril de parada 15 m. Ancho do carril e cuñas 3,00 m.

A senda terá un ancho mínimo 2,02 (1,80 m + bordo 0,22 m); colocarase en solo rústicos e sin edificar a nivel calzada, en zonas con edificación dispersa poderán ir 10 cm elevadas sobre a calzada ou a nivel e en zonas con edificación contínua irán elevadas 10 cm sobre a calzada; as beirarúas terán un ancho mínimo de 1,80 m máis o ancho do bordo existente na entorna.

Firmes e pavimentos:

O firme variará en función do tipo de solo, constará dunha capa de solo seleccionado e espesor variable (50-75 cm), capa de 35 cm de saburra artificial ou 25 cm de lousa de formigón, capa intermedia de 10 cm de AC 22 bin BC 50/70 S e capa de rodadura de 5 cm de AC 16 SURF 50/70 S; no caso de beirarúas o pavimento estará formado por un recheo de espesor variable, 50 cm de solo seleccionado, 20 cm de formigón e baldosa ou 20 cm de formigón no caso de senda.

Estruturas:

Construiranse dous muros de colleira de altura variable nos pq 96+510 MD no núcleo de Camaño (Porto do Son), e no pq 70+130 ME no núcleo de Orro (Noia) da estrada AC-550.

Drenaxe

Limitase ao acondicionamento dos elementos de drenaxe existentes nas novas paradas de autobus.

5. Poboación Servida

Boiro	18.976 hab.	Carnota	3.845 hab.	Dodro	2.675 hab.
Muros	8.365 hab.	Noia	14.140 hab.	Outes	6.108 hab.
Porto do Son	9.153 hab.	Rianxo	10.949 hab.	Ribeira	26.897 hab.
A Pobra do Caramiñal	9.290 hab.				

TOTAL: 110.398 habitantes.

6. Concellos Afectados

Boiro, Carnota, Dodro, Muros, Noia, Outes, Porto do Son, Rianxo, Ribeira e A Pobra do Caramiñal.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 29 en pleno dominio. A superficie de expropiación definitiva é de 360,32 m².

Expropiacións de terrenos: 13.988,13 €.

Bens afectados: 1.830,00 €.

Premio de afección: 699,41€.

Total expropiacións e indemnizacións: 16.517,54 €.


8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DEZAQITO (18) meses.


9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE):	1.058.658,94€.
Orzamento Expropiacións e Bens afectados	16.517,54 €
Orzamento Servizos Afectados	5.665,00 €
Orzamento para coñecemento da administración:	1.080.841,48 €.


PLANO DE SITUAÇÃO



PLANTAS



DETALHES



Modelo urbano
2,76 m x 1,70 m



Modelo rural
3,06 m x 1,65 m